



PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CAPÍTULO II

IES SANTA IRENE CURSO 2024-2025



ÍNDICE

1. CONCRECIÓN ANUAL DOS PLANS E PROXECTOS	1
2. PROGRAMAS DE ÉXITO EDUCATIVO.....	1
3. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	1
3.1. Criterios xerais para o desenvolvemento das actividades	1
3.2. Programación e organización	2



1. CONCRECIÓN ANUAL DOS PLANS E PROXECTOS

A concreción anual dos plans e proxectos incluídos no Proxecto Educativo de Centro engádense como anexos a esta Programación Xeral Anual (PXA).

2. PROGRAMAS DE ÉXITO EDUCATIVO

Os programas de éxito educativo nos que participa o centro no curso 2024-2025 son os seguintes:

- Programa PROA+. Programa para a Orientación, Avance e Enriquecemento Educativo cofinanciado polo Ministerio de Educación e Formación Profesional e pola Unión Europea no marco do Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia.
- Proxectos de Inclusión Educativa (PIE).
- Plan Proxecta+. Programas educativos que fomentan o traballo cooperativo, interdisciplinar e competencial comprometidos coa consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030.
- PLAMBE. Plan de mellora, incentivo e impulso do desenvolvemento de proxectos na biblioteca escolar.
- Polos Creativos. Espazos que funcionan como centro de actividades no que se traballa a intelixencia artificial e outras tecnoloxías intensivas, o procesado audiovisual e artístico, a realidade virtual e a impresión 3D, as tecnoloxías de control computarizado e fabricación aditiva, o mecanizado de diferentes materiais, a electromecánica, a robótica e os microcontroladores, entre outras.
- Probas de nivel lingüístico. Probas de acreditación de competencia en lingua estranxeira do alumnado, nos niveis de competencia B1, B2 e C1, descritos no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas do Consello de Europa (MCERL).

3. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Segundo o *Artigo 23* da [Orde do 1 de agosto de 1997](#) considéranse **actividades complementarias** aquelas que se realizan co alumnado en horario lectivo, e que formando parte da programación anual, teñen un carácter diferenciado polo momento, espazo, ou recursos que utilizan. Así cabe considerar como tal as visitas, traballos de campo, conmemoracións, conferencias, etc.

Denomínanse **outras actividades** as viaxes de estudos, de máis dunha xornada, ás organizadas polos departamentos didácticos ou pola vicedirección.

Todas elas deben levarse a cabo nun clima de respecto, tolerancia, inclusión, participación e liberdade para fomentar no alumnado os valores da cidadanía democrática.

3.1. Criterios xerais para o desenvolvemento das actividades

Establécense as seguintes prioridades e criterios xerais para o presente curso:

- a) Como norma xeral, non se autorizará ningunha actividade na semana previa ás avaliacións, especialmente co alumnado de bacharelato. Cabe a excepción daquelas que non ocupen máis que sesións de materias implicadas directamente na súa realización (charlas, conferencias, obradoiros curtos, etc.)



- b) Procurarase a participación de grupos completos.
- c) Procurarase que as actividades que afecten a varios grupos e/ou departamentos se fagan de xeito coordinado.

3.2. Programación e organización

1. A Programación Xeral Anual (PXA), aprobada polo Consello Escolar, no seu Capítulo III, recollerá o programa de actividades complementarias e extraescolares que se prevé desenvolver ao longo do curso. Para a súa inclusión na PXA, as xefaturas de departamento deberán presentar ante a vicedirección do centro, nas primeiras semanas do curso, un resumo cos datos relativos ás actividades que se prevé desenvolver. O programa anual destas actividades ten en conta as propostas do profesorado, dos departamentos, e do alumnado. As actividades que vaian xurdindo durante o resto do curso académico (obradoiros, representacións, exposicións, conferencias, concertos, etc.) incorporaranse ao plan con posterioridade, previa comunicación á vicedirección. Cando pola celebración dunha actividade esté prevista unha saída fóra do centro, esta debe ser autorizada polo Consello Escolar. Cando a saída implique a alumnos/as menores de idade, deberán contar coa autorización de nai/pai/titor/a legal.
2. Unha vez aprobadas as actividades que se desenvolverán, o profesorado que coordina as actividades deberá presentar ante a vicedirección do centro, coa suficiente antelación, a seguinte información:

Denominación da actividade.
Nome do/s departamento/s que a levan a cabo.
Data, horario e lugar previstos para o seu desenvolvemento.
O transporte a empregar no caso de ser necesario.
O custo e fórmulas de financiamento.
Listaxe de alumnado participante indicando a etapa e nivel ao que pertence. Remitirase dende o email corporativo á dirección ies.santairene@edu.xunta.gal
O profesorado responsable e acompañante que colaborará no seu desenvolvemento.
No caso de saídas do centro, as autorizacións de pai/nai/titor/a legal de alumnado menor de idade deben estar entregadas a tempo (3 días antes da data de celebración da actividade). Ningún estudante poderá participar se non cumpre este requisito. O alumnado que non participa nas saídas debe asistir a clase de xeito habitual.

3. A ratio profesor/alumno será de 1/20 para toda actividade realizada fóra das instalacións do centro. Como norma xeral, en todas as saídas deberán participar un mínimo de dous profesores/as. A dirección do centro poderá autorizar saídas cun so docente cando, sendo o grupo de alumnado participante reducido, a actividade non se considere de risco e/ou interveñan monitores/as ou persoal externo no desenvolvemento da mesma.
4. A persoa responsable da actividade deberá controlar a asistencia do alumnado inscrito.
5. A non asistencia reiterada, así como o incumprimento das Normas de Organización e Funcionamento (NOFC) pode supoñer a perda do dereito a asistir a algunha actividade.



- Unha vez rematada a actividade, será recomendable a realización dunha avaliación dos resultados obtidos e do grao de satisfacción por parte de todos/as os/as participantes na mesma.
- Durante a realización das actividades complementarias e extraescolares observarase o respecto ás normas xerais de convivencia do centro recollidas nas NOFC. Aquel alumnado cun comportamento contrario a ditas normas poderá ser privado da participación neste tipo de actividades. Así mesmo, o profesorado acompañante poderá establecer normas específicas para cada actividade ou saída, co obxecto de facilitar a organización da mesma, garantir o cumprimento de horarios e manter a disciplina e as boas formas. No caso das viaxes de estudos, se o comportamento dun/ha alumno/a fose considerado como excepcionalmente grave polo profesorado acompañante, poderá suspenderse definitivamente a súa participación na viaxe, comunicándollo ao seu pai/nai/titor/a legal para que se encarguen de recollelo no aeroporto, estación de tren ou autobús máis próxima... e facéndose cargo dos gastos de transporte ocasionados.
- Tanto as visitas culturais como as actividades programadas durante o desenvolvemento das actividades complementarias, extraescolares e/ou viaxes de estudos son obrigatorias para todos/as os/as participantes nas mesmas.
- Non se suspenderán as actividades lectivas ordinarias nos grupos correspondentes durante a realización de saídas ou viaxes de estudos para o alumnado que non participe nas mesmas. En calquera caso, non poderán realizarse probas ou exames nas datas en que se celebren ditas actividades.
- Procurarase que as actividades complementarias que se realicen en horario lectivo sexan gratuitas.
- O profesorado acompañante pasará lista antes dunha saída para comprobar o alumnado participante, e deixará constancia das incidencias ou variacións na lista de participantes, de ser o caso.
- Cando se organicen dentro das instalacións do centro actividades complementarias que afecten a todo o alumnado dun ou varios grupos, o profesorado que tivese clase con esos grupos, deberá acompañalos durante o desenvolvemento da actividade.

As actividades complementarias programadas para o curso 2024-2025 son as seguintes:

BIBLIOTECA + EDLG				
Nome da actividade	Tipo	Data proposta	Lugar	Participantes
Día das escritoras	Compl.	17 Outubro.	Biblioteca	
Día das Bibliotecas Escolares.	Compl.	24 Outubro	Biblioteca	O alumnado de 1º ESO coñece a Biblioteca da man da bibliotecaria e recibe os seus carnés. O alumnado voluntario do curso 22-23, recibe os seus diplomas de participación.
Concurso de relatos de terror "Gustavo Adolfo Bécquer".	Compl.	Novembro	Biblioteca	Todo o centro está convidado a participar nunha nova edición do concurso que se fallará en novembro.



BIBLIOTECA + EDLG				
"Samain" na Biblioteca.	Compl.	Novembro	Biblioteca	Fallo do concurso de "Cabazas". Fallo do concurso literario. Entrega de diplomas.
Día contra a Violencia d Xénero	Compl.	25 Novembro	Biblioteca	
Exposición/recomendación de lecturas de cara o tempo de lecer no Nadal.	Compl.	Decembro	Biblioteca	
Exposición e concurso de postais de Nadal.	Compl.	Decembro	Biblioteca	
Día da Paz e da non violencia	Compl.	30 Xaneiro	Biblioteca	
Día da Ilustración	Compl.	30 Xaneiro	Biblioteca	Durante esa semana o profesor e ilustrador Jose Antonio Puras (do departamento de Filosofía do centro) ensinará ao alumnado de 1ºESO algunhas técnicas de ilustración.
Día de Rosalía	Compl.	24 Febreiro	Biblioteca	Actividades no centro por determinar, xunto con EDL
Entroido	Compl.	5-9 Febreiro	Biblioteca	Actividades no centro por determinar, xunto con EDL, Vicedirección...
Día da Muller	Compl.	8 Marzo	Biblioteca	Actividades por determinar, xunto con EDL, Orientación...
Semana da prensa	Compl.	6-12 Marzo	Biblioteca	
Día da Árbore e a Poesía	Compl.	21 Marzo	Biblioteca	Por determinar. As actividades para o Día da Árbore poden adiarse tamén para o Día da Ecoloxía (Xuño)
Semana do Libro Día do Libro	Compl.	22-26 Abril 23 Abril	Biblioteca	Diversas actividades xunto EDL. Por determinar.
Semana das Letras Galegas	Compl.	13-26 Maio	Biblioteca	Diversas actividades xunto EDL. Por determinar.
Concurso Fotográfico: "E por fin... o verán"	Compl.	Xuño	Biblioteca	

DEPARTAMENTO DE CIENCIAS NATURAIS				
Nome da actividade	Tipo	Data proposta	Lugar	Participantes
Visita ao Domus, Planetario e Acuario.	Extraescolar	11 de novembro	A Coruña	3º ESO
Charla da UVigo Xenética: Mutación e diversidade	Compl.	8 de xaneiro	Paraninfo	4º ESO A e B



DEPARTAMENTO DE CIENCIAS NATURAIS

Charla da UVigo: Evolución	Compl.	3º trimestre	Vigo	1º ESO A, B, C
----------------------------	--------	--------------	------	----------------

DEPARTAMENTO DE DEBUXO

Nome da actividade	Tipo	Data proposta	Lugar	Participantes
Visita á Fundación Serralves, Oporto	Extraesc.	3º trimestre	Oporto	4º ESO (Expresión artística 1º BACH (Debuxo artístico))
Saída a Castrelos para debuxar do natural	Complem.	2º trimestre	Vigo- Parque de Castrelos	4º ESO (Expresión artística 1º BACH (Debuxo artístico))
Visita a EMAO de Vigo e MARCO	Extraesc.	1º trimestre	Vigo	4º ESO (Expresión artística 1º BACH (Debuxo artístico))
Visita á Fundación Barrié e Escola Picasso. A Coruña	Extraesc.	1º trimestre	A Coruña	4º ESO (Expresión artística 1º BACH (Debuxo artístico))
Realización de esculturas de área na Praia da Lanzada.	Extraesc.	3º trimestre	O Grove	3º ESO
Posible saída a Innovart	Complem.	3º trimestre	Santiago de Compostela	4º ESO (Expresión artística 1º BACH (Debuxo artístico))

DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

Nome da actividade	Tipo	Data proposta	Lugar	Participantes
Charlas Educación cívico-tributaria	Complem.	18-11-24	Parainfo	3º ESO (Cultura Financeira) 4º ESO (Alumnado ECO e FOPP)
Charla Educación financeira en España	Complem.	14 – 1- 25	Parainfo	3º ESO (Cultura Financeira) 4º ESO (Alumnado ECO e FOPP)
Charla Banco de Alimentos	Complem.	2º trimestre	Parainfo	3º ESO (Cultura Financeira) 4º ESO (Alumnado ECO e FOPP)
Visita integral ao Porto de Vigo	Complem.	2º trimestre	Vigo	1º BACH (Alumnado ECO)
Recollida de alimentos	Complem.	Por determinar	Centro	
Charla Grao Comercio	Complem.	1º trimestre	Aula	2º BACH de Empresa e deseño modalidade de negocio

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

Nome da actividade	Tipo	Data proposta	Lugar	Participantes
Actividades Acuáticas	Complem.	27 xaneiro- 28 febreiro	Piscina Carme	1º BACH
Emocionarte	Complem.	2º trimestre	Parainfo	1º BACH
Os pés no deporte	Complem.	2º trimestre	Parainfo	1º BACH
A ciencia no deporte: física, química, bioloxía e matemáticas aplicadas ao deporte.	Compl.	2º trimestre	Parainfo	1º BACH



DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

Semana Branca	Outras actividades	2º trimestre	Pirineos	4º ESO
Saídas profesionais do deporte	Complem.	3º trimestre	Paraninfo	4º ESO

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

Nome da actividade	Tipo	Data proposta	Lugar	Participantes
Talleres sobre depresión, emocións, ansiedade, prevención do risco suicida, trastornos alimentarios	Complem.	1º, 2º e 3º trimestre	Centro	2º BACH (Alumnado de Psicoloxía)
Visita ao Museo Liste	Complem.	1º Trimestre	Vigo	Alumnado de Filosofía (4º ESO)
Visita ao Marco	Complem.	3º trimestre	Vigo	Alumnado de Filosofía (4º ESO)

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA + CLUB DE CIENCIAS

Nome da actividade	Tipo	Data proposta	Lugar	Participantes
Visita á Aula Newton	Extraescolar	2º /3º trimestre	Ourense	30 alumnos/as 2º ESO
Galiciencia	Extraescolar	Abril	Ourense	Club de ciencias
Cinvigo: Ciencia Na rúa	Complemen.	3º trimestre	Vigo	ESO

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA + ORIENTACIÓN

Nome da actividade	Tipo	Data proposta	Lugar	Participantes
Charla sobre TDH	Complem.	Decembro	Centro	3º ESO A

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

Nome da actividade	Tipo	Data proposta	Lugar	Participantes
Teatro en francés: "Lupin"	Complem.	22-01-25	Cine Salesianos Vigo	3º e 4º ESO, 1º e 2º BACH
Contacontos en Francés	Complem.	4-02-2025	Paraninfo	1º ESO
Taller interactivo de Crêpes	Complem.	2º Trimestre	Patio do IES	2º ESO
Viaxe Cultural a París	Outras actividades	3º trimestre (despois de Semana Santa)	París	3º e 4º da ESO (30 Alumnos/as como máximo)
Festival Francofonía	Extraescolar	5 e 6 de maio	Vilanova de Arousa	3º ESO



DEPARTAMENTO DE GREGO E LATÍN				
Nome da actividade	Tipo	Data proposta	Lugar	Participantes
Odisea 2025	Complem.	Inicio 2º trimestre	Centro	4º ESO Latín 1º BACH Latín
Teatro Grecolatino	Extraesc.	2º trimestre	Tui	4º ESO Latín Latín I e II (ordinario e adultos) Grego II (ordinario e adultos)
Viaxe SEEC Galicia (Atenas)	Outras actividades	2º trimestre	Atenas	4º ESO Latín Latín I e II (ordinario e adultos) Grego I e II (ordinario e adultos)
Visita "Vigo Romano": Museo das Salinas, Museo de Castrelos, Vila de Toraia	Complem.	3º trimestre	Vigo	4º ESO Latín Latín I e II

DEPARTAMENTO DE INGLÉS				
Nome da actividade	Tipo	Data proposta	Lugar	Participantes
Inglés: actividade cultural Burlington	Complem.	28 de novembro	Paraninfo	1º e 2º de BACH.
Teatro	Complem.	2º trimestre	Paraninfo	

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA + EDLG				
Nome da actividade	Tipo	Data proposta	Lugar	Participantes
Visita ao Museo Liste	Complemen.	1º trimestre	Vigo	1º ESO
Correlingua	Complemen.	3º trimestre	Vigo	1º ESO
Obradoiro de regueifas do Concello de Vigo	Complemen.	2º trimestre	Vigo	2º ESO
Obradoiro de regueifas da Deputación de Pontevedra	Complemen.	1º trimestre	Vigo	3º ESO
Intercambio lingüístico con un IES de Mallorca	Outras actividades	2º -3º trimestre	Vigo - Mallorca	1º BACH

COORDINACIÓN DE IGUALDADE + EDLG				
Nome da actividade	Tipo	Data proposta	Lugar	Participantes
Charla: O sexismo na comunicación publicitaria e audiovisual	Complem.	31 de xaneiro	Centro	1º BACH
Charla: Un século de Ouro á marxe. A poesía escrita por mulleres.	Complem.	18 de marzo	Centro	1º BACH



DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA + MÚSICA

Nome da actividade	Tipo	Data proposta	Lugar	Participantes
Roteiro de Curros en Celanova	Extraescolar	3º trimestre	Celanova	3º ESO
Charla- Concerto Pablo Carpinteiro	Complem.	3º Trimestre Letras Galegas	Paraninfo	2º e 3º ESO

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA

Nome da actividade	Tipo	Data proposta	Lugar	Participantes
Taller de voz	Complem.	1º trimestre	Centro	3º ESO (Oratoria)
Visita a Televigo	Complem.	1º trimestre	Vigo	3º ESO (Oratoria)
Visita á Cidade da Xustiza	Complem.	27 de xaneiro	Vigo	3º ESO (Oratoria)
Visita ao Parlamento de Galiza	Extraescolar	3º trimestre	Santiago de Compostela	3º ESO (Oratoria)
Saída ao teatro	Complem.	1º trimestre	Vigo	4º ESO

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

Nome da actividade	Tipo	Data proposta	Lugar	Participantes
Semana Matemática/matrixina	Complem.	Abril-2025	Fundación Escola Rosalía de Castro	1º ESO
Canguro matemático	Extraescol.	20 Marzo	Vigo	Todos
Olimpíada matemática	Extraescol.	Abril (Fase zona)	Vigo	2º ESO
Semana da Ciencia	Complem.	Abril	Centro	1º ESO

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

Nome da actividade	Tipo	Data proposta	Lugar	Participantes
Vémonos no palco	Extraescol.	1º, 2º, 3º trimestre	Auditorio A Fundación	Diferentes cursos.
Batukada: Concerto Eko-percusión.	Complem.	2º trimestre: venres de entroido.	Paraninfo	3º ESO
Concertos propostos polo Concello	Complem.	Marzo-Abril	Auditorio do Concello/ Conservatorio Superior	

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Nome da actividade	Tipo	Data proposta	Lugar	Participantes
Charlas Prevención da drogodependencia	Complem.	Outubro- Novembro	Centro	2º ESO



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN				
Programa Ponte Alerta: Charla " Internet e os seus riscos"	Complem.	1º trimestre	Centro	1º ESO
Programa Ponte Alerta: Charla " Ciberacoso e as súas dinámicas"	Complem.	1º trimestre	Centro	2º ESO
Programa Ponte Alerta: Consecuencias do ciberacoso e procura de axuda	Complem.	1º trimestre	Centro	1º ESO
Visita a EDUGAL	Complem.	10 de outubro	Pontevedra	4º ESO
Charlas Plan Director	Complem.	22 de outubro	Centro	1º, 2º e 3º ESO
Charlas "Educación Viaria"	Complem.	Outubro- Novembro	Centro	1º ESO
Charla Identidade de Xénero	Complem.	Pendente de confirmar datas	Centro	3º ESO
Obradoiro afectivo-Sexual (Quérote)	Complem.	18 de decembro	Centro	3º ESO
Charla de UNNATRIC Noenredes (Uso inadecuado das TRIC)	Complem.	26 de novembro	Centro	1º ESO
FP INNOVA	Extraescol.	Abril	Santiago	4º ESO + 1º BACH
Programa A Ponte Encontros na USC	Extraescol.	Xaneiro	Santiago	2º BACH
Charla Videoconferencia A Ponte	Complem.	2º trimestre	Santiago	2º BACH
Xornadas Orientación Universitaria UVIGO	Complem.	Xaneiro 2025	Vigo	2º BACH
Entra no Futuro- Charlas Universidade da Coruña	Complem.	2º-3º trimestre	Centro	2º BACH
Charlas ABAU - CIUG	Complem.	2º trimestre	Centro	2º BACH
Obradoiros- coaching de Daniel Novoa (1 por trimestre)	Complem.	1º trimestre: 5 de decembro 2º e 3º trimestre- por determinar	Centro	2º BACH
Charla sobre trastornos da conduta alimentaria - UNATRIC	Complem.	3 de decembro	Centro	2º ESO
Visita a UNITOUR	Complem.	17 de decembro	Vigo	2º BACH
Formación Convivencia e Mediación. Alumnado axudante, mediadores e coordinadora de benestar	Complem.	2º e 3º trimestre	Centro	Alumnado mediador de nova incorporación
Medidas para favorecer o clima escolar. Mediación	Complem.	2º e 3º trimestre	Centro	Antigos mediadores



DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN				
Nome da actividade	Tipo	Data proposta	Lugar	Participantes
Visita a Santiago de Compostela e á catedral.	Extraescol.	2º trimestre	Santiago	Bacharelato (relixión e arte)
Visita a Santiago de Compostela e á catedral	Extraescol.	2º-3º trimestre	Santiago	ESO
Visita á catedral de Tui	Extraescol.	2º-3º trimestre	Tui	ESO
Visita a Beléns tradicionais na cidade	Complem.	Decembro 2024	Vigo	ESO
Asistencia ao Ciclo Cine Social organizado por Cáritas. Cine Salesianos (Vigo)	Complem.	Febreiro 2025	Vigo	ESO / BACH
Visita ao mosteiro de Poio e ao casco histórico de Pontevedra	Extraesc.	Por determinar	Vigo	ESO
Charla de algunha ONG ou da Cruz Vermella	Complem.	2º-3º trimestre	Vigo	ESO-BACH
Visita ao Templo votivo de Panxón e Virxe da Roca en Baiona	Extraescol.	3º trimestre	Panaxón-Baiona	ESO

DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA				
Nome da actividade	Tipo	Data proposta	Lugar	Participantes
Saída aos museos da Coruña	Extraescol	Xaneiro-Febrero	A Coruña	2º ESO
Charlas UVIGO Enxeñaría aeroespacial	Complem.	3º Trimestre	Centro	1º BACH
Enxeñaría minas: Paneis informativos (exposicións itinerantes)	Complem.	Finais 1º trimestre/ principios 2º Trimestre	Centro	1º BACH
FP- INNOVA	Extraescol.	Marzo	Santiago de Compostela	4º ESO (Alumnado de Tecnoloxía)
CP INNOVA Proxecto de tecnoloxía	Complem.	2º -3º trimestre	Vigo	
Iniciación á pegada dixital	Complem.	17 de decembro	Centro	3º ESO (Alumnado de dixitalización)
Plan Proxecta: Consumópolis	Complem.	Todo o curso	Centro	1º ESO
Concurso de Ciberseguridade	Complem.	15 de outubro	Centro	1º ESO
Visita aos Museos Tecnolóxicos de Barcelona	Outras Actividades	2º trimestre	BCN	1º BACH
Visita aos laboratorios da fábrica ZF	Extraescol.	1º trimestre	Vigo	1º BACH
CITIUS	Extraescol.	2º trimestre	Santiago	1º BACH
Museo Liste	Complem.	2º trimestre	Vigo	1º ESO



DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA				
Nome da actividade	Tipo	Data proposta	Lugar	Participantes
Visita á Vila de Toraia	Complem.	3º trimestre	Vigo	1º ESO
Visita a Campo Lameiro	Extraescol.	2º trimestre	Campo Lameiro	1º ESO
Visita ao Mosteiro de Oseira	Extraescol.	2º trimestre	Oseira	2º ESO
Camiño de Santiago: Tramo Arcade- Pontevedra	Extraescol.	3º trimestre	Arcade- Pontevedra	2º ESO
Museo de Rande	Complem.	2º trimestre	Redondela	3º e 4º ESO
Visita ao Parlamento de Galicia e á Cidade de Santiago e á catedral	Extraescol.	2º trimestre	Santiago de Compostela	2º BACH diúrno e nocturno e 1º BACH nocturno
O traballo do historiador: arquivista	Complem.	1º trimestre	Centro	2º BACH
Recreación histórica	Complem.	2º trimestre	Parainfo	2º BACH
O traballo do historiador: arqueoloxía	Complem.	3º Trimestre	Aula de referencia	2º BACH
Saídas en colaboración coa EOI de Vigo	Complem.	Ao longo do curso	Diferentes destinos	1º e 2º BACH nocturno

VICEDIRECCIÓN				
Nome da actividade	Tipo	Data proposta	Lugar	Participantes
Viaxe fin estudos	Outras	Maio	Por determinar	1º Bach
Viaxe Semana Branca	Outras	Xaneiro	Jaca-Astún	4º ESO

Aprobación do Claustro: 07 de novembro de 2024

Aprobación do Consello Escolar: 07 de novembro de 2024